

O.A. Terra de Sanxenxo

III CONCURSO DE ILUMINACIÓN NAVIDEÑA *DESLUMBRA CO TEU NADAL*

O Concello de Sanxenxo a través da Concellería de Cultura e Eventos e coa colaboración de Entretendas CCU, convoca o III CONCURSO DE ILUMINACIÓN “*DESLUMBRA CO TEU NADAL*” que se rexera polas seguintes bases:

1.- OBXECTO

- Dinamizar a participación activa dos cidadáns.
- Colaborar en infundir un ambiente decorativo de Nadal baseado en valores como o traballo en común, a cooperación e o respecto ao medio ambiente.
- Dispoñer de elementos decorativos que acheguen á localidade unha contorna do Nadal acolledora e ilusionante.
- Dar protagonismo activo aos cidadáns e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitarios na localidade.

2.- CATEGORÍAS

O concurso contará con tres categorías:

A: Establecementos comerciais

B: Vivendas

C: Rúas, barrios, prazas ou zonas do vecindario

3.- DESTINATARIOS

Poderán participar neste concurso:

- Establecementos comerciais, hostaleiros e outros negocios ou empresas que estean situados no municipio de Sanxenxo e contén con establecemento físico aberto ao público.
- Persoas físicas coa decoración das súas vivendas.
- Agrupacións de veciños creadas para este fin ou asociacións sen fin de lucro constituídas formalmente coa decoración de rúas, barrios, prazas ou zonas do vecindario.

4.- PROXECTOS PARTICIPANTES

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os/as participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo.

Segundo a categoría na que se inscriban a decoración consistirá en:

A: Establecementos Comerciais: escaparate e fachada dos establecementos

B: Vivendas: decoración exterior

C: Rúas, barrios, prazas ou zonas do vecindario: decoración da contorna

5.- INSCRICIÓN

O prazo de inscrición será dende o 24 de novembro ata o 09 de decembro de 2025. Realizaranse obrigatoriamente das seguintes maneiras:

- Presencial na Casa do Concello (Avda. Madrid,1. 36960 Sanxenxo)

O.A. Terra de Sanxenxo

- Na Sede Electrónica de O.A. Terra de Sanxenxo <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal/info.0>. Para elo será necesario dispoñer de DNI electrónico, certificado electrónico ou sistema de autenticación Cl@ve.

NOTA: As empresas ou entidades de carácter social deberán facelo obrigatoriamente a través da Sede Electrónica.

6.-CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Os elementos decorativos do Nadal no seu conxunto deberán permanecer expostos durante o período establecido dende o 5 de decembro de 2025 e o 6 de xaneiro de 2026, ambos inclusive.

Antes do 19 de decembro, os participantes comprométense a enviar fotos e vídeos dos seus escaparates, establecementos, vivendas, etc, ao enderezo electrónico culturaterra@sanxenxo.org para poder ser valorados polo xurado e promocionados nas redes sociais do Concello.

A inscrición e participación neste concurso supón a autorización ao Concello de Sanxenxo a publicar imaxes das decoracións nos medios de comunicación e redes sociais, así como en aqueles soportes impresos ou dixitais que se poidan derivar das actividades organizadas por esta entidade co fin de promoción e dar publicidade das súas actividades.

7.-ENTIDADE ORGANIZADORA

O organismo encargado da avaliación do concurso será o O.A. Terra de Sanxenxo, a través dun xurado composto por un mínimo de 5 persoas, valorando as decoracións segundo os criterios establecidos na base 7 das presentes bases.

O **xurado** e a **organización** resérvanse o dereito de declarar como “deserta” algunha das categorías ou de establecer un único premio se non se acada un mínimo de 6 participantes, ou se non se consideran cun mínimo de “traballo e orixinalidade”.

8. PREMIOS

Establécense os seguintes premios por cada categoría:

CATEGORÍA A:

1º premio: 1.000,00€

2º premio: 750,00 €

3º premio: 500,00 €

CATEGORÍA B:

1º premio: 500,00€

2º premio: 300,00 €

3º premio: 200,00 €

CATEGORÍA C:

Premio único: 750,00€

Darase a coñecer o fallo inapelable do xurado e farase a entrega de premios o 6 de xaneiro durante o Concerto de Reis da Banda de Música de Sanxenxo no Auditorio Emilia Pardo Bazán. (a ubicación do concerto poderá sufrir cambios).

O.A. Terra de Sanxenxo

Os premios estarán suxeitos a retención do IRPF, de acordo coa lexislación vixente. O pago dos premios farase as persoas ou entidades que figuran na inscrición do concurso. As asociacións civís constituídas para esta actividade en concreto deberán acreditar a súa formación coa presentación dunha acta na figuren todos os membros do grupo e onde se decida as persoas sobre as que recae o premio.

9.- VALORACIÓN DAS INSCRICIÓNS PRESENTADAS

O O.A. Terra de Sanxenxo, a través dun xurado composto por un mínimo de 5 persoas, valorará as decoracións segundo os seguintes criterios:

A	Iluminación	1-10 puntos
B	Orixinalidade	1-5 puntos
C	Deseño	1-5 puntos
D	Fomento valores locais	1-3 puntos
E	Contido didáctico do proxecto	1-3 puntos
F	Coidado do medio ambiente, empregando materiais ecolóxicos ou reciclados ou materias primas naturais	1-3 puntos

As inscricións de cada categoría que reúnan o maior número de puntos da suma de todos os puntos recibidos por cada un dos membros do xurado serán as gañadoras do concurso. Os concursantes comprométese a aceptar a decisión do xurado que será inapelable. No caso de empate será ganador/a inscrición que reúna maior puntuación no criterio de iluminación.

O fallo do xurado é inapelable e os/as concursantes comprométese a aceptar a decisión emitida polo Xurado.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición e participación no **III Concurso de Iluminación navideña *Deslumbra co teu Nadal*** supón a total aceptación das presentes Bases. Para o non establecido nestas estará a decisión da organización.

Para máis información poden dirixirse a Concellería de Cultura e Eventos, teléfono: 986.727.936 ou e-mail: culturaterra@sanxenxo.org